

PLAN DE IGUALDADE

IES de Quiroga

Aprobado xuño 2020



ÍNDICE:

| | |
|--|----|
| 1. Introducción..... | 2 |
| 2. Contextualización normativa e de centro..... | 3 |
| 2.1. Contextualización normativa..... | 3 |
| 2.2. Contextulización do centro..... | 5 |
| 3. Análise do centro educativo con perspectiva de xénero..... | 6 |
| 3.1. Representación do persoal docente e non docente nos distintos órganos de decisión..... | 7 |
| 3.2. Características do alumnado..... | 7 |
| 3.3. Contextualización do Plan de Igualdade..... | 8 |
| 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan..... | 9 |
| 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:..... | 10 |
| 5.1. Organización do centro..... | 10 |
| 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes..... | 11 |
| 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo..... | 12 |
| 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia Escolar..... | 12 |
| 6. Seguimento e avaliación..... | 12 |
| 7. Bibliografía..... | 13 |
| 8. Anexos..... | 14 |

1. INTRODUCCIÓN .

A **igualdade de oportunidades e de responsabilidades** é un dereito de todas as persoas, polo que educar as diferentes xeracións para chegar a acadala, tamén é un deber das e dos docentes deste país. E o camiño vai ser o da coeducación, o único xeito de previr, desde idades moi temperás, as discriminacións derivadas da desigualdade entre mulleres e homes.

O Plan de Igualdade (o plan coeducativo) é un documento programático a través do cal os centros educativos poden recoller as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTfobia.

Contar cun Plan de Igualdade nun centro educativo supón ter unha estrutura que sustente todas as actuacións coeducativas do centro. Neste sentido, podemos dicir que o Plan de Igualdade ten, como obxectivo, o de coordinar todas aquelas actuacións que son necesarias para que a igualdade atravesese todo o centro educativo e para que esta sexa sistemáticas en todas as aulas e todos os ámbitos.

Por iso, o **Plan de Igualdade** é necesario, e sobre todo, é totalmente **identificador dun centro educativo**.

Este Plan de Igualdade basearase nos seguintes principios:

- **Valores democráticos:** a coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- **Transversalidade:** a perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.
- **Inclusión:** a aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.
- **Igualdade de oportunidades:** o centro educativo axudará á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

- **Visibilidade:** O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Educación en Igualdade, educar para eliminar discriminacións, educar para evitar calquera tipo de violencia de xénero é un labor que atinxe a toda a comunidade educativa e debe ser un obxectivo para todo o centro de ensino. Educación en igualdade é tamén unha obriga legal e debe constar como se vai traballar tanto no Plan de Acción Titorial como no Plan de Convivencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara.

ÁMBITO ESTATAL

- Constitución española de 1978 (artigos 9.2. e 14)
- Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- O artigo 1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio (LOE), de educación, establece como principio da educación “**o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero**”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “**educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)**”.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes. Título IV (artigos 23 e 24).

ÁMBITO AUTONÓMICO

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes.

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres

- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; inclúe entre os seus elementos transversais evitar *“os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”*.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia; establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos *“prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”*.

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.

Quiroga é un municipio situado no sureste da provincia de Lugo, na comunidade autónoma de Galicia. Pertence á comarca de Quiroga e forma parte da zona coñecida como Ribeira Sacra.

Se atopa ao sur da serra do Caurel, no curso do río Sil. Ten unha superficie de 319 km² e se atopa a 84 km da capital provincial, Lugo.

Limita cos municipios de Folgoso do Caurel ao norte, A Pobra do Brollón e Ribas de Sil ao oeste, Manzaneda e Larouco ao sur e Vilamartín de Valdeorras, A Rúa ao este.

As principais actividades económicas son a agricultura, destacando o cultivo da vide Denominación de Orixe Ribeira Sacra, a gandería e a minería. Ademais hai dúas importantes centrais hidroeléctricas.

O sector servizos ocupa o maior porcentaxe de poboación activa do municipio.

A poboación total está en retroceso, presenta tendencia ao avellentamento.

Debido a que os habitantes viven dispersos en numerosos núcleos de poboación, no IES funcionan os servizos de transporte escolar e comedor no colindante CEIP de Quiroga. Hai dous colexios adscritos ao noso IES, CEIP de Quiroga e CEIP de San Clodio.

Predominan as familias de un ou dous fillos/as, sobre todo, e de parellas xoves e da zona, cunha situación económica – social de nivel medio – baixo.

Tamén o nivel socio – cultural das familias, pode considerarse medio – baixo, con predominio dos estudos primarios, certificado de escolaridade ou equivalente, porén tamén hai persoas con estudos de grao superior, coincidindo estas últimas con

persoas que desenvolven a súa actividade concretamente no sector servizos: funcionarios ou funcionarias do concello, profesorado, banca....

Na educación do noso alumnado, en xeral, implícase as familias, colaborando para ter todo tipo de actividades extraescolares que poidan desenvolver as capacidades do alumnado e que manifestan continuamente a súa vontade de colaboración co profesorado do centro, sempre que se precisa.

Por último podemos sinalar que no PROXECTO EDUCATIVO do noso centro sinálase como unha SEÑA DE IDENTIDADE DO IES o seguinte principio:

- b) O Centro considera fundamental, educar activamente na igualdade de xénero e a non discriminación da muller. Ao mesmo nivel, é moi importante evitar calquera outro tipo de discriminación (por raza, relixión, nacionalidade ou outras circunstancias persoais), recoñecer o dereito á diferenza e combater os prexuízos.

3. ANÁLISE DO CENTRO EDUCATIVO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Para empezar un Plan de Igualdade faremos un diagnóstico do sexismo e a igualdade no noso centro educativo.

Realización de diagnóstico:

- Diagnóstico xeral do centro en materia de coeducación. INDICADORES COEDUCATIVOS ANEXO 2
- Diagnóstico sobre aspectos concretos (resultados académicos, uso de espazos e participación, conflictividade e violencia, toma de decisións e autonomía persoal).
- Utilización de documentos para analizar e reflexionar sobre a igualdade por parte do alumnado, como ao do seguinte exemplo ANEXO 1.

3.1. REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE NOS DISTINTOS ÓRGANOS DE DECISIÓN:

Este curso escolar o claustro está formado por 22 docentes, 21 a tempo completo e o profesor de relixión itinerante. En total 15 mulleres e 7 homes, polo que no campo da docencia o IES de Quiroga é maioritariamente feminino. Ademais contamos con unha conserxe, unha administrativa e persoal de limpeza (dúas mulleres). O equipo directivo esta formado por un director, un xefe de estudos, un secretario e unha vicedirectora. O Consello Escolar o forma tres mulleres e dous homes.

Dentro do Consello Escolar temos a unha alumna do IES como persoa responsable en materia de Igualdade para participar no impulso do Plan de Igualdade.

No noso centro, o “Equipo de Igualdade” está formado por todo o profesorado do centro, xa que consideramos que a convivencia e igualdade é de todos e todas e para todos e todas, e por iso todo o profesorado debemos esta implicados nesta materia. Contaremos cunha persoa coordinadora da dinamización da convivencia e igualdade que é a orientadora.

Todo o claustro, e por suposto o equipo directivo, deben velar porque ningunha persoa, nin dentro da aula nin fóra dela, se sinta marxinada polo seu xénero, nin pola súa orientación sexual. Os espazos do centro deben ser compartidos por ambos sexos e a igualdade de oportunidades deben ser as mesmas sen valorar se es muller o home.

3.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

Neste curso escolar, hai matriculados 94 alumnos e alumnas nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

| ETAPA EDUCATIVA (dividida por sexos) | | | | | | |
|--------------------------------------|--------|--------|--------|--------|-------------|---------|
| | ESO | | | | BACHARELATO | |
| | 1º ESO | 2º ESO | 3º ESO | 4º ESO | 1º BACH | 2º BACH |
| Alumnas | 9 | 11 | 3 | 6 | 8 | 7 |
| Alumnos | 10 | 13 | 9 | 7 | 4 | 7 |
| TOTAL | 19 | 24 | 12 | 13 | 12 | 14 |

Con respecto aos resultados académicos na memoria final realizaremos un análise dos resultados por sexos nas diferentes avaliacións e notas finais. Con respecto as Necesidades Educativas de Apoio Educativo (NEAE) non son determinantes en función do sexo do alumnado.

Queremos salientar que o noso IES conta con alumnado de etnia xitana. Dentro do alumnado de etnia xitana, dúas rapazas xitanas que cursan 2º ESO sofren unha triple discriminación; 1) por ser muller nunha sociedade patriarcal; 2) por pertencer a unha minoría que recibe peor valoración social e 3) por pertencer a unha cultura cuxos valores de xénero están asociados á función da nai e esposa, diminuindo as súas posibilidades de promoción.

Por esta situación é tan importante dende o ámbito educativo e a través da nosa práctica docente que se siga desenvolvendo unha labor preventiva en nenos e nenas independentemente da cultura á que pertencen, en onde se apliquen os principios de coeducación intercultural e a igualdade como valor central.

O alumnado en xeral ten boas relacións entre si co profesorado. O grao de participación nas actividades complementarias xeralmente é alto sen prexuízo de xénero. Nas saídas fóra do centro o alumnado de etnia xitana é o que non participa habitualmente.

3.3. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.

Debemos comezar por designar que é para nos un **PLAN DE IGUALDADE?**. É o documento que recolle o diagnóstico da situación en materia de igualdade do noso centro e marca os obxectivos e actuacións para poder levar a igualdade ás aulas de forma sistemática e xeneralizada no centro.

Para levar a cabo as accións encamiñadas a promoción da igualdade e a convivencia entre xéneros teremos en conta o **Plan de Convivencia do centro e as Normas de Organización e Funcionamento do centro** que se inclúen nel, tal e como recolle o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Ademais de ter moi en conta as directrices e instrucións do **Protocolo Educativo para garantir a Igualdade, a Non discriminación e a Liberdade de Identidade de Xénero** que pretende garantir que se cumpran os

obxectivos redactados na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia; o **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativo de Galicia 2016_2020** e por último as **Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020**.

O Plan de Igualdade elaborado formará parte do Proxecto educativo de cada centro, e desenvolverase anualmente no marco da súa Programación xeral anual.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

En canto aos obxectivos coeducativos que pretendemos acadar no IES de Quiroga, destacamos os seguintes:

- Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Intentar erradicar roles estereotipados arraigados na sociedade.
- Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero (neste caso seguiremos os protocolos pertinentes).
- Previr, detectar e intervir en casos de LGBTfobia, é dicir, en casos de discriminación por orientación e identidade sexual do alumnado (protocolo)
- Fomentar o respecto pola diversidade afectivo – sexual do alumnado e das súas familias.
- Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa , mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais, escritas e en contornas dixitais.
- Fomentar nos alumnos e alumnas, coñecementos e actitudes necesarias que lle permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e los labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- Potenciar a colaboración entre familia e escola para sensibilizar ao alumnado e ás familias da importancia da igualdade de xénero.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN:

Entendemos este plan como parte dun proceso que ten que ir perfilándose e madurando ao longo de cursos sucesivos.

Con respecto as **medidas e actuacións que desenvolveremos no centro educativo destacamos as seguintes:**

A nivel de organización do centro:

- Continuar coa revisión dos documentos do centro (NOF, PEC, PXA, documentos dirixidos ao alumnado, ao profesorado e ás familias...) co fin de detectar o posible uso dunha linguaxe sexista.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Eliminar todos os roles inadecuados, sexistas e estereotipados comunmente aceptados na sociedade a través da dinamización de diversas conmemoracións como o 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, o 3 de decembro, día universal da diversidade funcional, 8 de marzo, día internacional da muller, o día 1 e maio, día do traballo, o día 28 de xuño, día do LGTBI e que se conmemora antes de rematar as clases etc. Ademais da realización de actividades nestas datas conmemorativas, cando celebremos días puntuais como Día do libro, Día da Paz etc.... dáselles perspectivas de xénero.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos (promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero).
- A realización de actividades para o fomento de vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.
- Procurar ofertar materias específicas de igualdade de xénero.
- Participación do centro en diferentes proxectos: como o Quérote + e o Dona de Sí. Durante este curso Biblioquiroga e Donas de Sí, deseñan e desenvolven actividades para coñecer a presenza feminina en todos os

campos da cultura, a arte, a ciencia, o deporte e a vida cotiá para poder valorar as importantes aportacións que fixeron e seguen facendo á sociedade.

Por outro lado, acudiran ao centro educativo a dar charlas de sensibilización asociacións como por exemplo Arelas, así como a do Plan Director, do CIM (Centro de Información da Muller de Quiroga), Unidade de Drogodependencias (Monforte), Cruz Vermella etc....

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Os departamentos didácticos revisarán e recollerán nas súas programacións actividades de coeducación para realizar ao longo do curso. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- De maneira transversal a todas as materias intentarase eliminar os estereotipos de xénero e intentarase transmitir valores e saberes positivos e sen discriminación de ningún tipo; polo que, intentarase incluír valores coeducativos na xestión da convivencia escolar de maneira transversal e dente a materia propiamente de valores tamén.
- Realizar actividades de sensibilización na aula, a través da acción tutorial dos diferentes niveis educativos, contemplaranse actuacións específicas de educación en valores non sexistas , de construción de roles de xénero ,educación afectivo-sexual tendo en conta as distintas orientacións sexuais recoñecidas , autonomía persoal , construción do auto-concepto e elaboración dun proxecto de vida sen sesgos de xénero , educación emocional , adecuada xestión dos conflitos e prevención da violencia de xénero.

Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo: non se fará distinción de xéneros por ningunha razón. Alumnas e alumnos comparten os mesmos espazos educativos e uns currículos deseñados desde unha perspectiva de xénero.

- Empregar un taboleiro de anuncios de Coeducación habilitado no recibidor do centro para expor carteis, avisos e información relacionados co Plan de

Igualdade, así como parte dos traballos o produtos finais das actividades que o alumnado leven a cabo ao longo do curso relacionado con esta temática.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para acadar os mellores resultados, vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber si as actuacións propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Esta avaliación continua se complementará cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grado de satisfacción coa experiencia. Para todo isto se empregaran, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actuacións propostas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores e titoras.

Una vez realizada a avaliación, incluírase no Plan de mellora para o próximo curso aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución de obxectivos.

7. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- www.edu.xunta.gal
- Claves para a elaboración dun Plan de Coeducación nun centro educativo. Cig-Ensino
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Coeducación. O alicerce do ensino Cig-Ensino
- Instrucións do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020.

ANEXO I: Sondaxe inicial alumnado

ENQUISA ALUMNADO

MOZA / MOZO

- » *Que é o mellor de ser moza? (contestar moza)*
- » *Que é o mellor de ser moza? (contestar mozo)*

- » *E o peor? (contestar moza)*
- » *E o peor? (contestar mozo)*

- » *Que é o mellor de ser mozo? (contestar moza)*
- » *Que é o mellor de ser mozo? (contestar mozo)*

- » *E o peor? (contestar moza)*
- » *E o peor? (contestar mozo)*

- » *Na túa casa, quen fai un maior número de tarefas domésticas?*

- » *Os celos son unha mostra de amor? **SI NON** (contestar moza)*
- » *Os celos son unha mostra de amor? **SI NON** (contestar mozo)*

- » *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico? ; Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar moza) **SI NON***
- » *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico? Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar mozo) **SI NON***

- » *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres? (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar moza) **SI NON***
- » *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres? (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar mozo) **SI NON***

- » *Usa o profesorado unha linguaxe non sexista? (contestar moza) **SI NON ÁS VECES***
- » *Usa o profesorado unha linguaxe non sexista? (contestar mozo) **SI NON ÁS VECES***

- » *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas? Pon un exemplo (contestar moza)*
- » *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas?. Pon un exemplo (contestar mozo)*

- » *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes? Pon un exemplo (contestar moza)*
- » *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes? Pon un exemplo (contestar mozo)*

- » *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller? (contestar moza)*
- » *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller? (contestar mozo)*

- » *Como definirías o feminismo? (contestar moza)*
 - O contrario do machismo
 - Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres
- » *Como definirías o feminismo? (contestar mozo)*
 - O contrario do machismo
 - Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres

- » *Es feminista? Por que? (contestar moza)*
- » *Es feminista? Por que? (contestar mozo)*

- » *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE (contestar moza)*
- » *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE (contestar mozo)*

- » *Estás de acordo coa frase “Os homes non choran”? **SI NON***
Por que? (contestar moza)
- » *Estás de acordo coa frase “Os homes non choran”? **SI NON***
Por que? (contestar mozo)

- » *Que opinión che merecen os piropos por parte de alguén que non coñeces? (contestar moza).*
 - Agrádanme
 - Desagrádanme
 - Resúltanme indiferentes

- » *Que opinión che merecen os piropos por parte de alguén que non coñeces? (contestar mozo).*
 - Agrádanme
 - Desagrádanme
 - Resúltanme indiferentes

- » *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos? (contestar moza) : **SI NON ÁS VECES SEMPRE***
- » *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos? (contestar mozo) **SI NON ÁS VECES SEMPRE***

- » *Consideras que é violencia machista? **SI ou NON*** (contestar moza)
 - Cuestionar a valía e capacidade da parella
 - Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
 - Dar golpes a obxectos cando se enfada
 - Pedir o móbil para saber con quen se comunica
 - Insultar
 - Pegar
 - Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
 - Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...

- » *Consideras que é violencia machista? **SI ou NON*** (contestar mozo)
 - Cuestionar a valía e capacidade da parella
 - Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
 - Dar golpes a obxectos cando se enfada
 - Pedir o móbil para saber con quen se comunica
 - Insultar
 - Pegar
 - Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
 - Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...

- » *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar moza)
- » *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar mozo)

- » *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar moza) **SI ou NON**
- » *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar mozo) **SI ou NON**

- » *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar moza)
 - Intervirías
 - Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
 - Non faría nada porque non é o meu problema

- » *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar mozo)
 - Intervirías
 - Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
 - Non faría nada porque non é o meu problema

ANEXO II**DOCUMENTO PARA ANALIZAR A PRESENZA DE COEDUCACIÓN NO CENTRO**

| Presenza de Indicadores | SI | NON | EN PROCESO |
|--|-----------|------------|-------------------|
| Datos estruturais | | | |
| Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos no PEC. | | | |
| Está nomeada no Consello Escolar do centro unha persoa como responsable en materia de igualdade. | | | |
| Elección de materias optativas de igualdade | | | |
| O centro utiliza unha linguaxe coeducativa nos documentos do centro. | | | |
| Carteleira do centro | | | |
| Comunicados | | | |
| Documentos do centro | | | |
| Materiais e recursos | | | |
| Biblioteca | | | |
| Taboleiro específico de coeducación | | | |
| Presenza na web do centro | | | |
| Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado do centro nas datas sinaladas: | | | |
| O 25 de novembro (Día Internacional contra a Violencia de Xénero). | | | |
| O 8 de marzo (Día Internacional da muller). | | | |

| | | | |
|---|--|--|--|
| Actividades para fomentar o respecto á diversidade afectivo-sexual nas datas sinaladas do calendario de celebracións LGBTI*. | | | |
| No Plan de Convivencia: | | | |
| Figuran accións concretas para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. | | | |
| Figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia. | | | |
| Realizar accións concretas dirixidas a todo o alumnado para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. | | | |
| Realizar accións concretas dirixidas a todo o alumnado accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia. | | | |
| No Plan de Acción Titorial: | | | |
| Figuran accións concretas para o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. | | | |
| Figuran accións concretas para a prevención da violencia de xénero e lgbtifobia. | | | |
| O Centro promove unha educación afectiva e sexual integral para todo o alumnado. | | | |
| O centro promove unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero. | | | |